

COMPRA A PERDAS NO SECTOR LEITEIRO


Antecedentes e contexto

Os gandeiros e gandeiras do sector de vacún de leite están a atravesar unha crise sen precedentes, tanto en España como no conxunto da Unión Europea. Este feito foi recoñecido por diversos estamentos e institucións, entre os que se atopan a propia Comisión Europea, que admitiu de maneira explícita tanto a profundidade como a duración da crise actual; ou o Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE, entre outros.

A nivel estatal, mentres o prezo medio pagado no conxunto do Estado descendeu un 21'63% nos dous últimos anos (0'393 €/litro en xaneiro 2014 vs. 0'308 €/litro en xaneiro 2016), comunidades autónomas como Galiza sufriron unha caída do 26'72% no mesmo período, segundo datos do FEGA. Esta particular conxuntura de prezos no sector provocou, en último termo, un progresivo peche de explotacións no noso país que non cesou nos últimos dous anos. Así, se no mes de xaneiro de 2014 había rexistradas no 17.865 entregas de leite no conxunto do Estado, o pasado mes de xaneiro de 2016 este dato foi tan só de 16.325 entregas (un 8'62% menos).

Os prezos en destino non baixaron en consonancia coa caída do prezo en orixe, polo que os consumidores e consumidoras non se viron favorecidos nin favorecidas por este feito, segundo Índice de Prezos Orixe-Destino elaborado mensualmente por COAG en colaboración coas asociacións de consumo UCE e CEACCU. De feito, dende xaneiro de 2014 até marzo de 2016, as marxes entre os prezos percibidos polas granxas e os pagados no comercio incrementáronse nun 48%, caendo en orixe un 26'3% e só un 7'5% en destino (Figura 1).

Figura 1 – Evolución do Índice de Prezos Orixe-Destino para o leite (xaneiro 2014-marzo 2016)



Fonte: COAG, UCE Y CEACCU

COMPRA A PERDAS NO SECTOR LÁCTEO

De feito, o prexuízo a consumidores e consumidoras a longo prazo será maior pola paulatina desaparición do sector. O peche continuado de explotacións leiteiras e o enfeblecemento do sector produtivo provocará unha maior dependencia das importacións de terceiros países para o abastecemento da demanda interna. Esta dependencia externa deriva nunha maior volatilidade dos prezos e unha maior inseguridade no abastecemento dun produto básico da alimentación. Os prezos de importación virán marcados por outros países produtores: Franza, Portugal, Alemaña e Países Baixos (principais países que exportan leite líquido, concentrado e en po a España, con máis de 430.000 toneladas de leite en 2014).

Para comprender as asimetrías na negociación que teñen os produtores e produtoras (tanto a nivel individual como quen está en organizacións de produtores e produtoras Ops), hai que ter en consideración as particulares características do produto “leite”, xa que é altamente perecedoiro e precisa ser transformado nun curto espazo de tempo para poder conservarse en condicións óptimas. Esta situación fai que os gandeiros e gandeiras se vexan forzados, aínda nas peores circunstancias, a vender o seu produto de inmediato (o que anula necesariamente o seu poder negociador).

Até agora, o sistema de cotas lácteas, que se incorporou á normativa europea mediante a publicación do Regulamento 856/84 do Consello, e mantívose no conxunto da UE até o 31 de marzo de 2015, garantizou, dalgún xeito, a recollida do leite en tódalas explotacións do Estado Español. Isto foi así porque este sistema establecía unha cantidade global garantida para cada estado membro (cantidade máxima de leite que podía producir cada estado en períodos de 12 meses) así como a definición dunha taxa suplementaria a abonar polos estados membros en caso de superar a súa cantidade global garantida asignada (multa económica en caso de superación da cota). Dentro de cada un dos estados membros da UE cada explotación leiteira contaba, á súa vez, cunha cantidade de referencia garantida que lle impedía producir máis dunha determinada cantidade de leite en períodos de 12 meses. Isto ocasionaba que ningunha explotación no Estado puidese medrar, durante os anos nos que estivo en vigor o sistema de cotas lácteas, por riba dun determinado límite, o que xeraba, á súa vez, que a industria se vise na obriga de atender a oferta en cada explotación láctea do Estado (independentemente da súa situación xeográfica e do tamaño das granxas) dado que precisaban o leite para garantir a maior parte do seu abastecemento.

Galiza e o resto da Cornixa Cantábrica (Galiza, Asturias, Cantabria, Euskadi, norte das provincias de León, Palencia, Burgos e noroeste de Zamora) producen máis do 60% do leite no Estado Español. Moitas das explotacións desta área xeográfica atópanse situadas en zonas de difícil acceso e afastadas dos núcleos de consumo, o que está a favorecer que, dende o 1 de abril de 2015, a industria láctea ofrezca uns prezos extremadamente baixos polo leite a cambio de non abandonar rotas de recollida que inclúan esas granxas. É dicir, ofrécese o contrato cun prezo moi baixo pero advírtese que, se non se acepta este contrato, ningún acudirá a recoller ese leite.

COMPRA A PERDAS NO SECTOR LÁCTEO

Feitos

Segundo datos ofrecidos pola Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galiza (febreiro de 2016), e recollidos na Táboa 1, o 77'5% das explotacións percibiron un prezo por litro de leite inferior aos 29 céntimos.

Tabla 1 - Precio percibido y explotaciones en Galicia

Precio percibido por el ganadero (cts/l)	Número de explotaciones
Menos de 15 cts	119
15-16	63
16-17	73
17-18	61
18-19	118
19-20	114
20-21	134
21-22	222
22-23	364
23-24	441
24-25	446
25-26	681
26-27	1.056
27-28	1.633
28-29	1.517
+ 29	2.050 aprox.

Fuente: Consellería de Medio Rural Xunta de Galicia, febrero de 2016

Segundo os datos ofrecidos polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), os prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras de Galiza entre xaneiro de 2015 e febreiro de 2016 situáronse nunha media de 0'288 €/litro (Figura 2), cun máximo en febreiro de 2015 de 0'306 €/l e un mínimo en xullo do devandito ano de 0'276 €/l.


Segundo os resultados técnico-económicos do Estudo de Custes e Rendidas das Explotacións Agrarias (ECREA)¹ do Ministerio de Agricultura para Galiza en 2014 (últimos datos dispoñibles), os custes de produción para as explotacións lácteas situáronse en 0'4315 €/l. Este valor situouse en 0,4758 €/l en 2013 e en 0,4178 €/l en 2012.

Segundo o análise descritivo da cadea de valor do leite UHT encargado pola Interprofesional Láctea (INLAC), que agrupa ás entidades representativas da produción e industria láctea, e publicado en febreiro de 2016, os custes de produción sitúanse entre 0,338-0,395 €/l.

¹ bit.ly/ECREA

COMPRA A PERDAS NO SECTOR LÁCTEO

Figura 2 – Evolución do prezo percibido en Galiza segundo o FEGA (€/l)



Fonte: Informe de entregas de leite do FEGA con base no RD 319/2015 sobre declaracións obrigatorias a efectuar por primeiros compradores

Segundo o boletín de febreiro de 2016² (último dispoñible) do Ministerio de Agricultura da Rede Nacional de Granxas Típicas (RENGRATI) para vacún de leite, os custes de produción para unha explotación en Galiza situáronse en 0,35 €/l.

Deste xeito, pódese comprobar que, tomando calquera das fontes, os custes de produción son maiores ao prezo percibido. Este feito, segundo a información da Xunta de Galicia, é patente para, cando menos, o 77'5% das explotacións galegas.

Como se indicaba anteriormente, trala eliminación do sistema de cotas, as explotacións de determinada tipoloxía (amplamente estendida na Galiza) quedaron a mercé do poder da industria de transformación, poder que exerce abusivamente na imposición de condicións, especialmente as referidas ao prezo, para recoller un produto altamente perecedeiro como é o leite.

Mesmo se chegaron a coñecer casos nos que as industrias recorren a técnicas de extorsión mediante as cales ameazan ás explotacións coa non recollida do leite ao tempo que se lles entrega o contacto doutras industrias para que negocien con elas (é dicir, determinadas industrias abandonan rotas de recollida cando os gandeiros e gandeiras tratan de negociar o prezo do seu produto e, durante a negociación, reconducen a estes produtores e produtoras a novas industrias que recollen ese leite a un prezo menor ao ofertado pola primeira empresa).

² bit.ly/RENGRATI

COMPRA A PERDAS NO SECTOR LÁCTEO

Base legal

El artículo 2 de la Ley 15/2007, de 3 de julio, de Defensa de la Competencia hace referencia al abuso de posición dominante. En concreto recoge:

O artigo 2 da Lei 15/2007, de 3 de julio, de Defensa da Competencia fai referencia ao abuso de posición dominante. En concreto, recolle:

1. *Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo o en en parte do mercado nacional.*

2. *O abuso poderá consistir, en particular, en:*

a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos.

Polo tanto, a lei fai referencia expresa á prohibición do abuso da posición dominante dun comprador á hora de impoñer o prezo de compra, de maneira directa ou indirecta, ao seu fornecedor. É dicir, a fixación dun prezo non equitativo abusando dunha posición de dominio no mercado de compra está prohibida pola Lei de Defensa da Competencia.

Conclusiones y solicitude

Consideramos que se está a producir unha compra xeneralizada por debaixo de custes de produción en máis do 77'5% das explotacións galegas.

COAG e o SLG entendemos que a fixación do prezo de compra faise abusando da posición de dominio que posúe a industria láctea, polo carácter altamente perecedeiro do produto, pola eliminación das cotas lácteas e a liberación do sector e sen repercusión nin beneficio para os consumidores e consumidoras, que non viron melloras derivadas das caídas do prezo en orixe.

Polo tanto, demandamos a aplicación da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia e a imposición de sancións por infraccións moi graves recollidas na citada lei (Artigo 62, Apartado 4, Letra b).